

RELATOS

A escrita como unha forma de salvación fronte ao misterio

► Nas tres narracións de Fernández Paz acontece algún feito que se arreda das leis que rexen a natureza e abre unha fiestra ao máis alá ► O autor volve dar unha lección de contar

FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS • SANTIAGO

TRES PASOS POLO MISTERIO

Agustín Fernández Paz
Xerais, Fóra de Xogo
2004
203 páxinas

Non é a primeira vez, e esperamos que non sexa a última, que nos atopamos nestas páxinas cunha obra de Agustín Fernández Paz, un verdadeiro e incuestionable referente, recoñecido así por lectores e críticos, da literatura infantil-xuvenil galega. E tamén da que se escribe en todo o Estado, atreveríame dicir, pois que a súa obra, ademais de estar traducida a diversas linguas, fíxose merecente dos galardóns máis prestixiosos no eido do libro infantil. O fecundo escritor de Vilalba acostuma ademais agasallarnos con tramas novidosas e renovadas e, grazas á súa capacidade fabuladora e á súa mestría e dominio da arquitectura narrativa, non naufraga onde outros escritores constrúen verdadeiros brodios ou son vítimas impotentes da catástrofe ou da nulidade.


Tres pasos polo misterio é unha proba incuestionable de canto acabamos de afirmar. Nos tres relatos do libro, A. Fernández Paz enfróntase con novas teimas que nos lembran de lonxe a temática de *Aire negro*. Relatos nos que está presente o medo, o misterio e a intriga. Os tres textos, *A serpe de pedra*, *A vella foto das estrelas* e *As sombras do faro*, teñen en común o feito de seren reedicións de achegas que xa apareceran en libros colectivos. Agora atopan a súa edición definitiva, que nos permitirá unha nova lectura de textos afastados no tempo pero cunha unidade básica, transmitida pola súa cohesión temática e estilística. Esta unidade básica débese a dous elementos esenciais que suturan argumentos narrativos ben diferenciados en cadanseu

relato. Amalgámaos en primeiro lugar a inequívoca presenza do misterio. Nas tres narracións acontece algún feito que se arreda das leis que rexen a natureza e abre unha fiestra ao máis alá. Vencéllase así a súa temática ao imaxinario da nosa cultura popular, herdada das crenzas celtas que acreditaban na existencia dos chamados camiños da vida que corren do aquí ao alén. O mundo noso e o máis alá aparece así conectado nos tres relatos. Dunha maneira abertamente fantástica como en *A serpe de pedra*, inquietante e familiar en *As sombras do faro*.

O fecundo escritor de Vilalba acostuma ademais agasallarnos con tramas novidosas

O outro elemento común fai referencia á estrutura narrativa. Nas tres pezas, quen refire a historia, é sempre un personaxe que relata en primeira persoa, un acontecemento que ocorreu nun intre determinado e se converteu en estouro que lle cambiou a vida para sempre.

O primeiro dos relatos, *A serpe de pedra*, o máis claramente fantástico dos tres, está escrito ao máis puro estilo Lovecraft. Unha trama de terror que se desenvolve no interior do Museo de Lugo. A voz narrativa é a dun arqueólogo especialista en cultura megalítica que descobre nas escavacións dunha mámoa pegadas do antigo culto ás serpes. O relato mestura elementos reais con mitos celtas e fenómenos fantásticos en tensión progresiva e achéganos ao arrepío ao nos presentar a Serpe Deusa, reencarnada por cousa dun escuro feito, actuando nas noites de lúa chea e provocando sucesos e pesadelos estarrecedores. No segundo relato, quen vive a expe-



Nas tres pezas é sempre un personaxe que relata en primeira persoa, un feito que ocorreu nun momento determinado

riencia extraordinaria –atoparse coa presenza do máis alá– será unha moza da cidade de Vigo que por imposición de seus pais fai o Camiño de Santiago. Por último no relato que pecha o libro, *As sombras do faro*, o máis extenso, consistente e cunha clara lectura política moi actual, a voz

Velaquí un dos nosos narradores, capaz de engaiolarnos cunha escrita chea de historias

narradora é un home xa adulto que rememora o que lle aconteceu nun ano da súa adolescencia nunha vila da beiramar. O autor ganduxa a historia mesturando elementos de misterio (un faro afastado e derruído, un ambiente sórdido e ameazante) con outros propios do espertar á vida, tales como o primeiro amor, as

primeiras experiencias sexuais, os inquéritos polo sentido a existencia. Ata que a narración dá un xiro inesperado, converténdose nun relato con raíces políticas, facendo coincidir unha visión amarga do noso presente cos fantasmas do pasado, personificados nos asasinatos anónimos do ano 36.

As grandes preocupacións formais de sempre de Agustín Fernández Paz están tamén presentes neste seu último agasallo aos lectores. Arte e habilidade sobre todo á hora de contar. O autor achéganos a historia alicerzándose non na frase requintada, senón na arquitectura do relato que flúe espontáneo, coas virtudes da naturalidade e da claridade como o seu principal ornato. E creando sempre unha atmosfera de grande verosimillanza. Velaquí as armas dun dos nosos grandes narradores, capaz de engaiolarnos cunha escrita chea de historias e de vida.